




Concello da Coruña

| | | |
|---|-----------------------------|--|
| Área / Unidada RR.HH PE0000 MJIB | Documento 10818I062H | |
| Código de verificación  0C5G 5W08 3837 311B 05FR | Expediente 108/2023/1784 | |
| | Fecha 31-05-2024 | |

NOTA INFORMATIVA DO TEMARIO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A COBERTURA DE 8 PRAZAS DE BOMBEIRO/A (SUBGRUPO C1) DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (C.E. 4/23)

Mediante Resolución do Concelleiro delegado de Economía e Planificación Urbana (por delegación da Xunta de Goberno Local) de data 25/10/2023 (BOP núm. 212 do 07/11/2023) aprobáronse as bases específicas da convocatoria para a cobertura de 8 prazas de bombeiro/a (subgrupo C1) da administración especial.

Coa finalidade de facilitar a aquelas persoas que concorran ao dito proceso selectivo á preparación das probas da oposición publícase a seguinte aclaración sobre o **epígrafe “Técnicas de Intervención” do tema 17** do temario:

No punto 5.1 das bases do proceso selectivo, relativo ao segundo exercicio da fase de oposición establécese que “para a preparación deste exercicio, teranse en conta as seguintes referencias bibliográficas: Manuais de preparación: “Formación Libre para Bombeiros”. Publicados na páxina web do CEIS de Guadalaxara (<http://www.ceisguadalajara.es/category/documentacion/>). Todos os documentos atópanse protexidos por unha licenza Creative Commons do tipo BY-NC-SA, de forma que se permite a súa copia, distribución, comunicación e transformación, sempre que se acredite a súa autoría (CEIS Guadalaxara e colaboradores correspondentes), non se utilice con fins comerciais e a obra ou as súas transformacións compártanse baixo unha licenza idéntica a esta”.

O epígrafe “Técnicas de Intervención” contemplado nos citados manuais, non é de acceso libre xa que se trata dun documento censurado. En base ao disposto, infórmase que non se terán en conta para a realización do segundo exercicio da fase oposición as páxinas 306 á 326 do Manual 3. Riscos tecnolóxicos e Asistencias Técnicas do CEIS Guadalaxara.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O xefe de departamento de xestión de RR.HH.

O coordinador da Área de Economía e Planificación Urbana